

## SESIÓN ORDINARIA DE 25 DE ABRIL DE 2.019

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vinte minutos do día 25 de abril de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar, D<sup>a</sup> Juana Romero García e D<sup>a</sup> Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

A Concelleira Tania Díaz Seijas incorpórase no punto sexto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 28 DE FEBREIRO E 1 DE ABRIL 2019**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros as actas das sesións de 28 de febreiro e 1 de abril 2019.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación das actas citadas.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

### **2. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE 164/2019, DE MODIFICACIÓN DE TRAZADO DE CAMIÑO PÚBLICO.**

O sr. Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribue o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Con data de 4 de febreiro de 2019, don Antonio López López, o cambio de trazado do tramo do camiño (pol 21, parcela 9005) comprendido entre a parcela 210 e as parcelas 120 e 119 do polígono 21 de este termo municipal, de xeito que en vez do seu trazado actual, a conexión polo extremo norte coa estrada municipal (pol 21, parcela 9004), produciríase a través de unha fanxa da actual parcela 119 na súa colindancia coa parcela 118.

O tramo actual afectado ten unha lonxitude de 85 mls., e unha achra de 3 metros. O novo tramo tería unha lonxitude de 50 metros e unha anchura de 4,50 metros.

Solicítase a modificación en base á unha mellor estrutura da propiedade agropecuaria que redundaría nunha mellora na produtividade e na explotación do medio rural.

O interés público non se vé perxudicado pola modificación proposta, advertíndose incluso unha leve melloría ao reducirse a lonxitude do vial e ampliarse a súa anchura.

Polo tanto, procede recoñecer a alteración da calificación xurídica do novo e vello trazado así como a mutación real da propiedade.

Unha vez tramitado o correspondente expediente de alteración de calificación xurídica sen que se presentara alegación ou suxerencia algunha, propoño ao Pleno da Corporación:

1.- Resolver o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño (pol 21, parcela 9005) comprendido entre a parcela 210 e as parcelas 120 e 119 do polígono 21 de

este termo municipal, de xeito que en vez do seu trazado actual, a conexión polo extremo norte coa estrada municipal (pol 21, parcela 9004), produciríase a través de unha fanxa da actual parcela 119 na súa colindancia coa parcela 118”.

Unha vez rematada a defensa da proposta, e non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación da proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor, pertencentes aos concelleiros presentes do grupo municipal do PP, e cinco abstencións.

### **3. PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES SOBOR O CLIMA E A ENERXÍA**

O Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO PARA ADHERIRSE Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors’ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO<sub>2</sub> no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;

2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde/Alcaldesa do Concello de Outeiro de Rei recoñezo que o noso compromiso esixe:

Un liderado político forte:

Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.

Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

Un enfoque territorial integral e intersectorial.

A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.

O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

Revisar periodicamente as nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu, alcalde desta Corporación, comprométome a:

Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.

Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.

Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.

Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.

Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

O Concello de Outeiro de Rei reunido en sesión ordinaria o día 25 de abril de 2019, aproba a adopción dos seguintes acordos:

A adhesión do Concello de Outeiro de Rei ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

Facultar ao Alcalde/sa de Outeiro de Rei a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución”.

Rematada a intervención do Alcalde, a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE solicita que, cando se redacte o estudo, se de participación aos concelleiros dos diferentes grupos políticos.

O Alcalde resposta que a formulación do plan é fundamentalmente técnica, polo que pouco ten que dicir os políticos nesta fase de redacción. Non obstante, neste intre trátase unicamente de adherirse ao pacto.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación da proposta de adhesión.

Realizada a votación, a proposta de adhesión resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### 4. MOCIÓN DO PP EN DEFENSA DO MANTEMENTO DE TODOS E CADA UN DOS REXISTROS CIVILES E XULTADOS DE PAZ, EN ESPECIAL DOS DO NOSO TERMO MUNICIPAL

O voceiro do grupo municipal do PP asume a defensa da seguinte moción:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI EN DEFENSA DEL MANTENIMIENTO DE TODOS Y CADA UNO DE LOS REGISTROS CIVILES Y JUZGADOS DE PAZ Y EN ESPECIAL DE LOS DE NUESTRO TÉRMINO MUNICIPAL

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

Exposición de motivos

A pesar del reconocimiento en la Constitución Española del Estado de las Autonomías y que uno de los logros de éste, junto al enorme proceso de mejora en la prestación de servicios de los ayuntamientos, ha sido el acercamiento a la población más rural de esos servicios, parece ser la intención de algunas administraciones supramunicipales concentrar ciertos servicios esenciales en ciudades, alejándolos de sus ubicaciones actuales en pequeños o medianos ayuntamientos.

Uno de esos servicios, importante y necesario en todos los lugares y que hasta la fecha se ha mantenido cercano a la población de los pequeños pueblos, cuya población lo entiende y asume como propio e indispensable, es el de los Juzgados de Paz y Registro Civil.

No obstante, las mismas administraciones que dicen luchar contra el despoblamiento de los ayuntamientos más rurales y defienden denodadamente el acercamiento de todos los

servicios a la población, luego no predicán con el exemplo y aprueban leyes que siguen caminos contrarios.

Una de esas leyes es la Ley 20/2011, de 21 de julio, del Registro Civil, la cual dispone la privatización del servicio que prestan los Registros Civiles en "Oficinas Generales del Registro Civil" y abre la puerta al cierre de los Juzgados de Paz, entre otras cosas.

Este Grupo Municipal Popular entiende que pueda haber casos puntuales en los que el cierre de algún Juzgado de Paz y del Registro Civil pueda ser lógico y razonable y no afecte al servicio que reciben los ciudadanos. Pero la inmensa mayoría de los Juzgados de Paz y de los Registros Civiles suponen un servicio esencial por el que las administraciones hemos de velar e intentar conservar su espíritu de cercanía y gratuidad, como es el caso del Juzgado de Paz y Registro Civil de Outeiro de Rei, cuyos volúmenes de tramitaciones, implementados en gran número por la presencia en nuestro término municipal del Centro Penitenciario de Bonxe, son pruebas evidentes y tangibles de la necesidad de su mantenimiento.

Por todo lo expuesto, presentamos al Pleno del Ayuntamiento la siguiente moción:

Solicitar e exigir al Ministerio de Justicia y al Gobierno de España que no se cierren los Juzgados de Paz ni los Registros Civiles y que estos se mantengan próximos a la ciudadanía, públicos y gratuitos”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen anuncia que o seu grupo votará a favor da moción, xa que están en contra de que se recorte calquer tipo de servizo. Agora ben, esta proposta é un pouco hipócrita, xa que estando Mariano Rajoy coma Presidente, o BNG tivo que traer unha moción para que se mantiveran os rexistros da propiedade de Fonsagrada e Becerreá, que foron pechados polo Goberno do PP.

Este mesmo proxecto de suprimir xulgados de paz formulouse inicialmente polo Goberno do PP e agora mantense polo PSOE, e atopará o rexeitamento frontal do BNG.

Engade que a Xunta de Galicia tamén está a recortar os servizos no rural, fundamentalmente Mestres e médicos, en moitas ocasións sen que esté xustificado por unha redución de usuarios dos servizos.

Remata afirmando que cada servizo que se suprime no rural é un atentado contra o futuro do medio rural, faga quen o faga, e pide que non se tomen as decisións en base a criterios economicistas.

A voceira de FLI sempre defenderá os servizos públicos que solventan os problemas dos veciños e veciñas e, polo tanto, defenden a pervivencia de este servizo público.

A voceira do PSdG-PSOE afirma que a desaparición dos xulgados de paz é un deterioro dos dereitos dos cidadáns do medio rural e un paso máis no desmantelamento dos servizos co que o Partido Popular estivo a castigar os pobos de este país. Estas pequenas oficinas son o primeiro escalón de acceso á xustiza e, por outra banda, xurde o problema do destino da documentación custodiada polos xulgados de paz, motivos polo cal apoiará a moción.

O voceiro do PP resposta á voceira do PSOE que, si considera que supresión dos xulgados de paz é un castigo do PP, o único que ten que facer o PSOE é non suprimilos, xa que quen goberna é o PSOE.

Recorda que este concello, lonxe de reducir poboación, a incrementou nun 20% nos últimos anos, polo que non existe xustificación algunha para a redución de servizos.

En resposta ao BNG, afirma que os criterios economicistas deben terse presentes, xa que os servizos hai que sostelos con cartos, e se a economía non medra e non existe unha recadación suficiente non se poden soste. Outra cousa é que deba terse solidariedade, que é o que en España brilla pola súa ausencia nos últimos anos, xa que os cartos van fundamentalmente ás autonomías máis ricas.

Non xurdindo máis debate, sométese á votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **5. MOCIÓN DO BNG PARA QUE O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PROCEDA A AMPLIAR E MELLORAR A ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS**

Iniciáase o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo vicevoceiro do BNG da seguinte moción:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PROCEDA A AMPLIAR E MELLORAR A ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos tempos estase a converter como algo habitual o vertido de augas residuais sen depurar ao ría Miño, sendo normal pasar pola zona onde está situada esta depuradora e ver como caen ao río estas augas sen ningún tipo de tratamento.

Segundo os técnicos que coñecen tanto esta depuradora como a rede de saneamento do concello, esta situación débese a que a estación quedouse completamente pequena para o volume de augas residuais que tería que depurar, o que obriga a ter activado o “bypass” para que as augas que non pode tratar a depuradora por falta de capacidade pasen directamente ao río.

Como se dicía antes, esta situación non é nova, levándose producíndose dende hai meses, cuestión da que é totalmente coñecedor o alcalde de Outeiro de Rei.

Ao mesmo tempo, é un feito inevitable que a extensión da rede de saneamento vai ir en aumento, queira o señor Alcalde ou non, dado que a esixencia da veciñanza é cada vez máis importante e ese servizo básico estase a converter en totalmente imprescindible en moitas zonas do concello.

Isto indica que o problema farase máis grave co tempo dado que ao ir incorporándose novas redes cada vez quedarán máis augas residuais que a depuradora non será capaz de tratar e, polo tanto, máis augas residuais irán directamente para o río.

Para o BNG esta situación ten que ser corrixida con urxencia, pois ademais de estar a cometerse un delito, tamén se está a incrementar a contaminación do río Miño, xa de por si nunha situación moi delicada.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política do BNG de facer sempre propostas construtivas para mellorar as condición de vida de todas as persoas do concello, polo que no Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que se inicien os trámites oportunos para o deseño dunha o varias depuradoras de augas residuais dimensionadas para o tratamento das augas residuais que vai transportar a rede de saneamento do concello nos próximos anos.

2. Que o Concello de Outeiro inicie os contactos oportunos para que as demais administracións colaboren na mellora e construción destas depuradoras. 3. Que o concello de Outeiro asuma como prioritario para as subvencións e axudas a solicitar doutras administracións a ampliación da rede de saneamento do concello e da súa estación de depuración de augas residuais”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a voceira do grupo municipal de FLI, quen afirma que son coñecedores, por veciños de Outeiro de Rei, de que a uns 500 metros da Santa Isabel estábanse a realizar verquidos de augas residuais ao río. As concelleiras de FLI

desprazámonos ao punto de verquido e puidemos comprobalo cos nosos propios ollos, de ahí que fai uns días solicitarámos ao Alcalde copia de determinada documentación municipal.

Consideran que é moi grave, xa que trátase de un verquido directo non autorizado a unha zoa protexida.

Na documentación remitida (que non está completa, xa que falta un trimestre) consta un informe da empresa concesionaria que pon de manifesto certas deficiencias no deseño da EDAR que non son imputables á concesionaria e que xeneran os verquidos denunciados.

Conclúe afirmando que o sistema de depuración non funciona e o Alcalde debe coñecelo e actuar, xa que se trata de un problema moi grave que debe solucionarse e o Alcalde non pode seguir a mirar para outro lado.

O Alcalde afirma que en momentos moi puntuais pode alterarse o normal funcionamento do servizo, coma son días de moitas precipitacións. Segundo os informes que se remiten ao concello, nestes supostos a carga contaminante é tan baixa que, por regra xeral, xa cumpre cos parámetros autorizados de verquido.

Tamén informa que a Xunta de Galicia está a facer estudos para ver si se pode ampliar esta depuradora ou se é necesario facer outra e ónde se ubicaría. Espera que, tras este estudo veña o proxecto e, tras o proxecto, o financiamento para levalo a cabo, engadindo que é competencia autonómica a execución de estas infraestruturas.

No que atinxe á ampliación da rede de saneamento, gran parte das obras previstas no Plan Único de este ano adícase a saneamento, polo que tampouco neste punto a moción ten sentido.

Advirte que, no fondo, o BNG está algo de acordo no que xa fai o goberno municipal, e considera que este problema non xurdiría se, en vez de incrementar a poboación, ésta diminuíse coma o fan a meirande parte dos concellos.

Non obstante, informa que o proceso para acadar o financiamento para a ampliación da EDAR é lento, e recorda que aínda fai moi pouco grandes cidades de Galicia gobernadas pola esquerda estaban a verquer directamente ao mar.

Por todo o anterior, propón unha emenda de substitución, de xeito que se propoña que se siga a traballar pola ampliación da EDAR e que se siga a traballar pola ampliación do saneamento alí onde sexa posible levala a cabo.

O BNG no acepta a emenda á moción e desminte que a competencia sexa autonómica, xa que é municipal e subsidiariamente da Xunta de Galicia.

Engade que esta situación débese á falla de planificación e a unha mala xestión. Se vemos que vai a medrar o número de vivendas ou de empresas, debemos prever un incremento da demanda de determinados servizos e anticiparnos ás solucións para atendelas, coma acadar o financiamento necesario. Recorda que o FEDER deu 700 millóns para a construción de depuradoras e a Xunta decatouse agora.

A EDAR quedouse pequena, e os verquidos estanse a producir permanentemente. Puido comprobalo personalmente no verán pasado, cando non chovía, e tamén estes días pasados, que tampouco choveu salvo o venres, que choveu un pouco pola tarde. Polo tanto, non existe motivos que xustifiquen os verquidos.

Dende o BNG solicitan que se faga esta obra. Estase a cobrar un 0,45% do IBI e hai remanente de tesourería. É consciente de que é unha obra moi cara, pero deberá acadar financiamento autonómico ou do Estado.

Polo que se refire ao saneamento, existe unha demanda do servizo en moitas parroquias.

Conclúe que é unha obra necesaria que debe afrontarse, polo que propón a aprobación da moción.

O voceiro do PP desminte que exista falta de planificación. Outeiro de Rei medra debido precisamente a que se planificaron os servizos axeitados. Por iso Outeiro de Rei é o concello que máis medrou porcentualmente de Galicia, e por iso ten os mellores servizos da comarca de Lugo.

Por supuesto que se precisan melloras nos servizos existentes e, precisamente debido ao crecemento do concello, terán que seguirse a ampliar e dimensionar os servizos. Agora ben, os servizos que se están a prestar son dos mellores que se prestan na comarca.

Agora ben, a prestación e ampliación dos servizos deben axustarse á facenda municipal, e para iso temos un criterio: impostos razonables para servizos aceptables.

Os 700 millóns de euros do FEDER é unha contía insignificante para resolver os problemas de sanemento dos máis de 8000 concellos de España.

Remata afirmando que, se non modifica a moción, non a poden apoiar, xa que a totalidade das actuacións propostas na moción xa se están a facer.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **6. MOCIÓN DO BNG PARA QUE SE PROCEDA A ESTABLECER UNHAS NORMAS QUE CONDUZAN AO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE IGUALDADE, MÉRITO E CAPACIDADE NAS PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

O voceiro do grupo municipal do BNG inicia a defensa da seguinte moción:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte MOCIÓN PARA QUE SE PROCEDA ESTABLECER UNHAS NORMAS QUE CONDUZAN AO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE IGUALDADE MÉRITO E CAPACIDADE NAS PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A contratación de persoal no concello de Outeiro é a gran materia pendente no ámbito da democratización do concello sendo un dos casos máis escandalosos que se dan en todo o país, converténdose o sistema de contratación do concello nunha das cuestións polas que, por desgraza, Outeiro de Rei é máis coñecido en toda Galiza.

A nivel das veciñas e veciños do concello ocorre algo similar, pois a calquera persoa a que se lle pregunte, independentemente da súa ideoloxía ou a quen vote, parécelle que o sistema de contratación de persoal para o concello está completamente “adulterado, dado que o nepotismo, o clientelismo político e o “amiguismo” desprazaron totalmente aos principios de IGUALDADE, MÉRITO E CAPACIDADE, ademais da publicidade que deberían guiar calquera proceso de selección de persoal para traballar nunha administración pública.

O acontecido nesta cuestión durante todos estes anos demostra que a dirección política do concello está completamente deslexitimada para dirixir calquera proceso de selección, así como as distintas funcionarias e funcionarios que formaron parte dos tribunais de selección durante todos estes anos e permitiron co seu “traballo” nesta materia que a situación na que nos atopamos se producise.

No pasado mes de febreiro aprobouse unha moción na Deputación de Lugo para rematar con este tipo de prácticas nesa institución, moción que contou co voto favorable do BNG e do PP, incluído o Deputado Provincial señor Pardo Lombao, alcalde de Outeiro de Rei.



Dado que esta moción aprobada na institución provincial recolle unha gran parte das propostas que o BNG vén facendo cara a transparencia na contratación de persoal nas institucións e dado que no concello de Outeiro necesítase con urxencia medidas deste tipo, parécenos procedente traela a este pleno, esperando que o señor alcalde vote na mesma dirección que o fixo na Deputación de Lugo e que, deste xeito, se poñan as bases para corraxir esta grave eiva que dende hai tantos anos lastra o funcionamento e a imaxe do concello de Outeiro de Rei.

Dende o BNG non nos resignamos a que se vexa como algo “normal” o que acontece en Outeiro na materia de contratación de persoal, non parécéndonos lóxico que se perciba como algo que é propio deste concello, algo que se asume que como sempre foi así e que sempre vai seguir igual.

Dende o BNG queremos rachar con todo iso, pois cremos que Outeiro de Rei debe ser coñecido en todo Galiza por outras moitas cuestións que existen no concello e que nos enchen de orgullo e non por ser o concello do nepotismo, do caciquismo e dos “enchufes”.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política do BNG de facer sempre propostas construtivas para mellorar as condicións de vida de todas as persoas do concello, polo que no Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Se cree una comisión da que formen parte todos os grupos políticos que forman a Corporación Municipal co obxectivo de facer un seguimento dos procesos selectivos de persoal para traballar no concello de Outeiro de Rei.

2. Todos os procesos selectivos que se convoquen no concello de Outeiro, e ata que o Pleno decida o contrario, rexeranse polos seguintes principio e medidas:

- Toda contratación do concello de Outeiro de Rei será publicada como mínimo de 20 días antes en todos os medios existentes no concello, incluído por suposto o taboleiro de anuncios municipal e a súa páxina web.

- A publicación no taboleiro de anuncios farase nun taboleiro específico para este tipo de exposicións onde, respectando escrupulosamente a perfecta visibilidade dos anuncios, ao mesmo tempo se impida a súa manipulación para que non poida existir o ocultamento destas.

- Para a publicidade destas convocatorias usaranse todos os mecanismos existentes a disposición do concello. Nomeadamente, expóranse nas parroquias, colgaranse inmediatamente na páxina web, comunicaranse á prensa ou usarase calquera outro método do que o concello dispoña e poida ser usado para conseguir á súa máxima difusión.

- Toda convocatoria será comunicada inmediatamente por correo electrónico, ou polos medios que ordinariamente se usan, a todos os grupos da Corporación Municipal para que estes poidan axudar a súa publicidade e ademais leven a cabo o seu traballo de fiscalización da acción política do goberno en prazo sen ningún tipo de trabas.

- Establecer a oposición libre como modo habitual de acceso a función pública na Deputación de Lugo, deixando o concurso oposición para casos excepcionais polo carácter das funcións a desempeñar que nunca serán, logo, as propias da praza conforme a titulación esixida.

- O programa ou temario de cada oposición, será elaborado por un grupo de persoas designada o efecto, con funcións ou cualificación profesional da área de coñecemento da praza que se convoca. Esta comisión deberá xustificar a selección de temas baseándose nas funcións da praza para a que se elabora.

- O concello solicitará ás Universidades Galegas e/ou Asociacións Profesionais vinculadas coas titulacións esixidas ou aos servizos correspondente sa Xunta de Galicia para que designen as persoas que consideren idóneas para formar parte dos tribunais para a selección de persoal no concello de Outeiro.

- Os Tribunais de Selección estarán formados por rigoroso orde de lista elaborada o efecto e que deberá ser actualizada como mínimo unha vez cada ano.

- Sempre será Presidente do Tribunal aquel dos seus membros que resulte por sorteo.

- Os exercicios da oposición consistirán exclusivamente en calquera das seguintes probas: o Excepcionalmente, exames tipos tests que deberán de ser elaborados polo Tribunal o mesmo día da celebración da proba.

- Os test contarán sempre co mesmo numero de preguntas predeterminado, para cada grupo, co mesmo numero de respostas alternativas. O valor das respostas correctas, incorrectas e a nota ca que se acada a superación da proba estarán igualmente predeterminadas para cada un dos grupos e para todas as convocatorias.

- Desenvolver temas por escrito durante como mínimo unha hora, temas que serán seleccionados por sorteo entre as disintas partes do temario.

- A lectura dos temas ou exposición dos exercicios será sempre obrigatoria e realizarase o mesmo día do exame o Esta lectura sempre será pública e será gravada en vídeo para posíbeis reclamacións de calquera persoa que poida sentirse afectada.

- Si por causa do número de opositores non tora posible que a lectura se celebre o mesmo día, esta continuará ó día seguinte, e tres opositores seleccionados por sorteo firmarán os sobres que conteñan os exercicios de todos os compañeiros.

- Os exercicios prácticos, valoraranse obxectivamente segundo un baremo, que será entregado os opositores co enunciado do exercicio. o Este tipo de exercicios serán gravados en vídeo sempre que sexa materialmente posible para posteriores reclamacións de persoas que puideran considerarse afectadas, se as houbera.

- A proba de galego terá un formato e será valorada en todo caso por un experto que actuará sempre como asesor do Tribunal.

- En todo caso quedaran prohibidas as entrevistas como método de selección de persoal, aínda que sexa unha proba entre outras, non téndose en conta a puntuación destas en ningún proceso de selección.

- Ninguén do concello percibirá ningún tipo de remuneración por participar nos procesos de selección agás que esixa traballo fóra da xornada laboral ou desprazamentos fóra da vila de Outeiro”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a voceira do PSdG-PSOE, quen afirma que dende fai anos este tema é obxecto de críticas xeneralizadas polos veciños de Outeiro de Rei, motivo polo cal alédase de que o Alcalde votase favorablemente esta moción na Deputación e espera que, por coherencia, vote tamén a favor agora.

A voceira de FLI considera que se trata de un tema moi importante, e que están a favor da transparencia, da igualdade de oportunidades e de unha Administración sen partidismos ou de favoritismo aos amiguiños, que é a que fai o goberno municipal. Outro exemplo son os contínuas recoñecementos extraxudiciáis de créditos, que dan clara conta de que contrata a favor de empresas amigas, aínda carecendo de cobertura contractual e sin seguir as normas de contratación administrativa.

Conclúe que están totalmente a favor do contido da moción e espera que o Alcalde a respalde, xa que aprobou unha igual presentada ante o Pleno da Deputación.

O Alcalde afirma que os concelleiros da oposición, coma sempre, pretenden sembrar a dúbida de que o equipo de goberno é cacique e que fai e contrata a quen quere e, para iso, non dubidan en por en tela de xuízo a honestidade dos funcionarios municipais.

Recorda que neste concello dende fai moitos anos non se fai un concurso-oposición, e o que se fai dacote é procesos selectivos de personal laboral temporal, e estos procesos selectivos están suxeitos á debida publicidade previa, se ben o prazo de presentación de solicitudes varía

en función do prazo do que dispoña o concello para por en marcha o programa que xustifica a contratación.

Non está de acordo coa grabación en vídeo dos procesos selectivos xa que invade a intimidade dos participantes e pon en dúbida a honestidade dos examinadores, xa que fai bastante tempo que non participan os políticos.

Os procesos selectivos fanse por funcionarios honrrados e capacitados, e non lle outorga ningunha garantía adicional que a selección a realicen funcionarios da Deputación ou da Universidade.

Pode ser que, tralas eleccións, se realicen algún cambios nos procesos selectivos, pero sempre no marco da legalidade, ao igual que se fai agora.

O voceiro do grupo municipal do BNG dí que non sembra a dúbida de que os procesos selectivos non son limpos, xa que non ten dúbida algunha senón a plena certeza. Os funcionarios que fan as probas foron postos polo Alcalde deste mesmo xeito, e fan o que éste lles orde. E o 80% da poboación de Outeiro sabe o que pasa.

De feito, no proceso electoral que acaba de celebrarse quenes colgaron a propaganda do PP foron traballadores do concello, e nas vindeiras eleccións locais que se celebrarán dentro de un mes poderemos ver cóma a meirande parte dos axentes electorais do PP son traballadores municipais, e isto sucede dende fai moitos anos. Non hai máis que ver que máis da metade dos traballadores municipais pertencen a tres familias.

Non obstante, o BNG pretende mirar cara adiante, e para iso propoñen implantar un sistema de selección que garanta a obxectividade e a igualdade, e que transmita cara a cidadanía a idea de que esto está a cambiar.

Este tipo de actitudes debe cambiar para sempre.

O Alcalde desminte que eso sexa así e insiste en que esta moción ten coma único obxecto sembrar a dúbida nos cidadáns, pero si todo o facemos tan mal non se entende cómo é o único concello que medra, e non aceptará baixo ningún concepto que os funcionarios de este concello se pregan á vontade política.

A xente coñece que neste concello poden vir con tranquilidade, e que non se lles tratará con sectarismo, como co que a Deputación tratou a este concello durante os anos vergoñentos de goberno provincial de Besteiro. E pon coma exemplo que neste concello traballaron mesmo candidatos dos partidos da oposición e non tiveron problema algún.

Conclúe que, en tanto nega rotundamente que exista calquer irregularidade na selección de personal neste concello, non apoiará a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **7. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE PARA A LIMPEZA, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS TORRES DE TABOI E SOBRADA**

Iníciase o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, pola voceira do grupo municipal do PSDG-PSOE, da seguinte moción:

“Dona María Luísa Meilán Lombao, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, o amparo do previsto no artigo 97 do RD2568/1.986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais SOLICITA que se inclúa na orde do día da próxima sesión que se celebre no Pleno desta Corporación, para o seu debate e votación a seguinte motivación:

## PROPOSTA PARA A LIMPEZA, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS TORRES DE TABOI E SOBRADA.

### EXPOSICION DE MOTIVOS

Como todos sabemos o patrimonio histórico e cultural e o conxunto de bens que conforman a memoria dun país que debemos protexer e conservar para a posteridade, disto son responsables e competentes as administracións públicas. Como ben recolle a paxina Web do concello contamos con unha importante concentración de patrimonio histórico, no caso das torres, algunhas xa desaparecidas e as dúas que quedan figuran como patrimonio ameazado nalgúns traballos de investigación sobre patrimonio cultural.

Buscar unha fórmula de xestión capaz de sufragar o mantemento destes bens, a maior parte en mans particulares, é unha materia creo que pendente, unha solución, segundo algúns expertos sería chegar a acordos cos donos para buscar fórmulas de xestión que permitan non so a súa restauración, senón tamén o seu mantemento e aproveitamento pedagóxico.

### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Iniciar as negociacións cos propietarios destes ben, estudando as diferentes opcións como pode ser cesión temporal o concello ou expropiación, co obxectivo de protexer o noso patrimonio.

**SEGUNDO:** Iniciar por parte deste Concello as labores de limpeza e adecentamento do entorno

**TERCERO:** Instar a Xunta de Galicia para que acometa un plan de consolidación da estrutura e restauración das devanditas torres”.

Rematada a defensa da moción, a voceira de FLI fai uso da palabra para apoiar a moción e recordar que o que se propón é unha obriga para o concello.

O vicevoceiro do BNG manifesta o seu apoio á moción e recorda que en abril de 2016 o BNG presentou unha moción en termos moi similares, e recorda que son dos bens que están no Inventario Xeral do Patrimonio de Galicia e atópanse nun estado lamentable. Xa no ano 1955, Vázquez Seijas na súa obra “Fortalezas de Lugo” dicía que estaban en algo de abandono e a día de hoxe están en tal estado que non se pode garantir a súa conservación, a pesares de que se trata de un mandato constitucional e igualmente existe un Decreto de conservación dos castelos, aínda vixente, que no seu artigo 2º atribúe a responsabilidade da súa conservación aos concellos.

Por todo o cal anuncia o apoio á moción.

O Alcalde asegura que as torres xa teñen un panel informativo colocado polo concello.

A voceira do PSdG-PSOE aclara que o panel ao que se refire a moción tería por obxecto, unha vez rehabilitada a torre, de conter una explicación dos orixes e historia das torres.

O Alcalde afirma que o Concello está pola labor de protexer e por en valor tanto as torres coma outros vestixios coma poden ser as medorras, agora ben, para iso fai falla tanto recursos financeiros coma chegar a un entendemento cos propietarios dos terreos.

Nalgún caso xa se abriron negociacións, de feito, a propietaria de unha das torres, que está aquí presente, xa se ofreceu para colaborar, incluso economicamente. Non obstante, a día de hoxe non fomos capaces de ponernos en contacto coa propiedade da outra torre.

Cando academos un acordo coa propiedade deberemos acadar o financiamento, e non soamente da Xunta, senón tamén da Deputación. E recorda que o voceiro do BNG, cando foi deputado delegado de cultura, en vez de presentar esta moción ben puido ofrecer financiamento.

Conclúe que está de acordo en conservar estas torres, tanto polo seu interese patrimonial coma pola súa potencialidade turística, e ponse coma meta para a próxima lexislatura afrontar actuacións de conservación.

Propón unha emenda de substitución de xeito que quede redactado como segue:

“PRIMEIRO: Seguir coas negociacións cos propietarios destes ben, estudando as diferentes opcións co obxectivo de protexer o noso patrimonio.

SEGUNDO: Instar a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo para que, unha vez acordado cos propietarios a modalidade de intervención, se acometa un plan de consolidación da estrutura e restauración das devanditas torres”.

A voceira do PSdG-PSOE manifesta a súa conformidade con instar tamén á Deputación para que aporte o financiamento necesario, e insiste en que o cartel ao que se fai referencia na moción é un panel de interpretación que se colocaría no interior unha vez que a torre esté rehabilitada.

O voceiro do BNG considera que o Alcalde está equivocado, xa que namentres o voceiro do BNG foi deputado de Cultura deseñou un programa para que as torres e fortalezas da provincia de Lugo pasasen a titularidade pública. Non lle deu tempo a levalo a cabo, pero presentou unha moción para que o goberno provincial levase a cabo dito proxecto e, curiosamente, o grupo provincial do PP votou en contra.

O Alcalde resposta que é irrelevante que non lle dera tempo, xa que o goberno provincial está aló xa que obtivo o apoio do BNG na moción de censura, así que o BNG é tan responsable coma o PSOE do que fai ou non fai o goberno provincial.

E o que está claro é que o BNG, cando tivo a delegación de cultura da Deputación, nesta lexislatura e na anterior, non fixeron nada por estas dúas torres.

O panel informativo non soamente indica que alí hai unha torre, senón que tamén aporta información sobre a mesma.

Conclúe que está a favor da conservación do patrimonio e poder adicar máis recursos a iso, así coma que as restantes administracións apoiaran ao concello economicamente a tal fin.

Remata ofertando novamente a aprobación da moción coa emenda proposta.

Rematado o debate, sométese a votación a moción emendada.

Realizada a votación, a emenda resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as quince horas e quince minutos do día da data, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde